

FEIRA DO LIBRO

Preséntase a obra 'O segredo de Marco Polo'

02.08.2010 A última novela de Francisco Castro é unha das que se darán a coñecer hoxe

REDACCIÓN

Hoxe terá lugar na Feira do Libro da Coruña ás 20.00 horas a presentación por parte do escritor Francisco Castro de O segredo de Marco Polo, publicado por Editorial Galaxia. Xunto co autor, participan no acto Víctor F. Freixanes, director xeral de Galaxia e Dores Tembrás, poeta.

Durante a tarde sucederáse outros actos. Ás 19.00 horas a escritora Rosa Aneiros asinará exemplares dos seus libros Sol de inverno (Premio Xerais de novela 2009) e Ás de bolboreta (Premio Fundación Caixa Galicia 2009). Tamén á mesma hora a Fundación Luis Seoane presenta o Dicionario Seoane. Media hora despois, os escritores Alfonso Costa, Francisco Fernández Naval e Camilo Franco, coautores de Nixer (libro solidario a favor da ONG Acción Contra a Fame), asinarán exemplares do libro.

Ás 20.30 o escritor Jesús María Reiriz Rey asinará exemplares do seu libro Galicia oculta y negra, editado por Publicaciones Arenas. E ás 21.00 preséntase El árbol ausente, publicado pola editorial Demipage. Presentará o acto Santiago Auserón, traductor do libro e a autora do mesmo, Catherine François.

Mañá ás 12.00 haberá un espectáculo de contacontos con Iago López. Xa á tarde, ás 18.00 horas terá lugar a presentación de Pasaporte, un poema do poeta maltés Antoine Cassar, con ilustracións de Asya Reznikov e Noel Tanti e adaptación castellana de Carmen Herrera e Antoine Cassar. Unha hora máis tarde presentaránse La emigración española a Europa en el siglo XX e Hijos y nietos de la emigración española. Las generaciones del retorno coordinados por X. Amancio Liñares Giraut.

O director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López, salientou onte a "a calidade da oferta libreira de Galicia" e apostou, en nome da Consellería de Cultura e Turismo, pola "liña que abren os nosos títulos". Así mesmo, amosou a súa confianza "non só nos creadores literarios, senón tamén en todas as obras de difusión, de ensaio e de investigación que se están a producir".